



Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña

Vol. 20 (2016), pp. 350-374

ISSNe: 2530-6324 || ISSN: 1138-039X

DOI: <https://doi.org/10.17979/afdudc.2016.20.0.1928>

AS RELACIÓNS ENTRE LINGUA E DEREITO: OS XURISTAS DAS IRMANDADES DA FALA

XOSÉ MANUEL PACHO BLANCO

Doutor en Dereito e abogado

Profesor asociado da Universidade de Vigo

Fecha de recepción: 18.9.2016

Fecha de aceptación: 5.10.2016

Resumo: Este traballo analiza as vinculacións dos membros das Irmandades da Fala co Dereito e a súa defensa da lingua galega. Tamén se traza un perfil biográfico dos seus principais xuristas e das súas diferentes achegas ao mundo do Dereito.

Palabras chave: lingua e dereito, irmandades da fala, xuristas e a lingua galega.

Resumen: Este trabajo analiza las vinculaciones de los miembros de las Irmandades da Fala con el Derecho y su defensa de la lengua gallega. También se traza un perfil biográfico de sus principales juristas y de sus diferentes aportaciones al mundo del Derecho.

Palabras clave: lengua y Derecho, irmandades da fala, juristas, la lengua gallega.

Abstract: This paper analyzes the links of members of the Irmandades da Fala with the law and their defense of the galician language. Also, It is drawn a biographical profile of their leading jurists and their different contributions to the world of law.

Keywords: language & law, irmandades da fala, jurist & galician language.

SUMARIO: I. LIMIAR. II. CONTEXTO HISTÓRICO DAS IRMANDADES DA FALA: A DEFENSA DA LINGUA. III. OS MEMBROS DAS IRMANDADES DA FALA VENCELLADOS AO DEREITO. 1. Formación xurídica dos seus membros. 2. Profesións vencelladas ao dereito. 2.A. Vencelladas indirectamente. 2.B. Vencelladas directamente. IV. OS XURISTAS DAS IRMANDADES DA FALA. 1. Manuel Banet Fontenla. 2. Fermín Bouza Brey. 3. Salvador Cabeza de León. 4. Roberto González Pastoriza. 5. Arturo Noguerol Buján. 6. Valentín Paz Andrade. 7. Lois Peña Novo. 8. Lois Porteiro Garea. V. CONCLUSIÓNS.

I. LIMIAR

Cúmprese o 18 de maio de 2016 o centenario da fundación da primeira Irmandade de Amigos da Fala en A Coruña. Foi este o primeiro chanzo para o abrollar do nacionalismo galego tralas previas experiencias rexionalistas que crearon as condicións para construír a identidade política de Galiza. E esta identidade, antes como agora, aséntase sobre a defensa da lingua galega en todos os ámbitos da sociedade e en todas as súas expresións artísticas, culturais, económicas, empresariais; e en especial no ámbito do Dereito.

As Irmandades da Fala son, co seu firme posicionamento, as que crearon o necesario para que Galiza comezase a autodeterminarse como comunidade social e política superando, parafraseando a Kant, a súa minoría de idade. Foi xustamente dende aí dende onde comezou todo: a Xeración Nós, o Seminario de Estudos Galegos, o Partido Galeguista... E a xeración actual, e a sociedade galega actual somos *deudoras* desa vontade de transformación e de avance que caracterizaba os nosos pioneiros. A Antón Villar Ponte, a Porteiro Garea, a Lois Peña Novo, a Vicente Risco, a Antón Losada Diéguez.

Este traballo pretende pór de manifesto a estreita relación que tiveron moitos membros das Irmandades da Fala co Dereito en todas as súas expresións e coa firme defensa da lingua galega. Algúns deles estudaran a carreira de Dereito, tanto en Santiago como en Madrid, e traballaban como avogados, como notarios, como profesores de Dereito ou como xuíces.

Debése destacar a cativeza de fontes documentais, o que fai realmente complexo afondar nos membros das Irmandades da Fala con formación xurídica, e nos que ademais se decedecaron directa ou indirectamente a profesións relacionadas co Dereito. Mención aparte merecen os que podemos chamar propiamente xuristas, e nos que destacaremos a Manuel Banet Fontenla, Fermín Bouza Brey, Salvador Cabeza de León, Roberto González Pastoriza, Arturo Noguerol Buján, Valentín Paz Andrade, Lois Peña Novo e Lois Porteiro Garea.

Dunha sinxela observación das súas biografías poderemos concluír que foi o seu amor ao dereito e a Galiza o que os inspirou na súa tarefa, e supuxo un paso adiante extraordinario na historia do país. Un fito extraordinario que nos legaron aos que chegamos despois e do que se fai en 2016 o seu centenario. Ese paso adiante comezou, como veremos a continuación, coa toma de conciencia dun grupo de intelectuais do

comezo do século XX que chegaron á convicción de que a defensa da lingua galega era o único camiño para defender a dignidade dos galegos e das galegas.

II. CONTEXTO HISTÓRICO DAS IRMANDADES DA FALA: A DEFENSA DA LINGUA

Tras o solpor de Solidariedade Galega, un grupo de galegos residente en Madrid e ao que lle doe a perda do idioma e a crise da nosa cultura organiza unha serie de conferencias na Casa de Galicia e no Ateneo en Madrid, e fundan a *Revista de Estudos Gallegos*, que dirixe Aurelio Ribalta e onde xa aparece nítido o concepto de nacionalidade galega, aplicado a Galiza polo menos nos artigos de Ribalta, e a importancia da lingua como elemento nuclear¹.

Foi Villar Ponte, dende a súa columna *Con letra del Siete* en *La Voz de Galicia*, o primeiro que reclamou unha maior sensibilidade do país e dos seus políticos e cidadáns coa nosa lingua². Así, o 8 de xaneiro de 1916, este home, republicano e galeguista, iniciaba dende este xornal no que traballaba a súa reclamación dunha Liga de Amigos del Idioma, iniciativa que atopou apoios na prensa, incluída a católica³. O escrito era, ante todo, unha defensa da lingua galega, que consideraba a mellor expresión da nosa identidade posto que toda afirmación galega debe partir inelutablemente do renacemento do idioma⁴. Villar Ponte inicia así a súa moi persoal misión galeguista, e a súa pretensión de crear, e para iso emprega as páxinas de *La Voz de Galicia*, unha Liga de Amigos do idioma galego e defender o nacionalismo galego como afirmación rexional. Aínda que para nós, na actualidade, poida parecer contraditorio, así o expresou no libro titulado *Nacionalismo gallego (apuntes para un libro)*. *Nuestra afirmación regional*, onde ademais defende o uso da lingua galega⁵.

Antón Villar Ponte convocou para o 18 de maio de 1916 unha reunión nos locais da Real Academia Galega en A Coruña, á que asistiu, segundo a información publicada por *La Voz de Galicia* ao día seguinte, “un grupo de entusiastas de la causa de nuestra región”⁶. A esta xuntanza asisten case medio cento de persoas de ideoloxías ben diversas, entre as que destacan Lugrís Freire, Carré Aldao, Tettamancy, Florencio Vaamonde Lores, César Vaamonde Lores, Oviedo Arce, Alejandro Barreiro, Augusto Barreiro, Martínez Moras, os irmáns Villar Ponte, Cortés, Fáginas, Iglesias Roura, Baldomir, Francisco Rodríguez, Sánchez Porto, Fernández Mouriño... Foi nesta xuntanza onde se acordou a creación da Irmandade dos Amigos da Fala e, aprobados os Estatutos, Antón Villar Ponte foi elixido primeiro conselleiro da Irmandade⁷. Como teñen sinalado Beramendi e Núñez Seixas a iniciativa que levou á fundación das

¹ AA. VV.: *A gran historia de Galicia. Historia política da Galicia contemporánea*, Tomo XI, vol. 3, La Voz de Galicia, A Coruña, 2007, p. 179.

² VILLAR PONTE, A.: *100 artículos*, La Voz de Galicia, A Coruña, 2003.

³ BERAMENDI, J.: “As Irmandades da Fala e o nacemento do Nacionalismo Galego”, en *Murguía: Revista Galega de Historia*, núm. 32, Instituto Galego de Historia, Santiago, 2015, p. 53.

⁴ VILLAR PONTE, A.: “Al margen de una encuesta”, en VILLAR PONTE, A.: *100 artículos*, La Voz de Galicia, A Coruña, 2003, p. 148.

⁵ AA. VV.: *A gran historia de Galicia...*, op. cit., p. 181.

⁶ BERAMENDI, J.: “As Irmandades da Fala e o nacemento do Nacionalismo Galego...”, op. cit., p. 54.

⁷ AA. VV.: *A gran historia de Galicia...*, op. cit., p. 181.

primeiras Irmandades no 1916, foi endóxena, non foi unha imitación do exemplo catalán⁸, foi a expresión propia dun pobo que comezaba a madurar.

Os obxectivos iniciais das Irmandades da Coruña foron superados sobradamente cando o 28 de maio de 1916 Lois Porteiro, Manuel María González, José Pasín, Salvador Cabeza de León, Salustiano Portela Pazos, Miguel Gil Casares, Leandro Pita Romero, José Portal Fradejas, Xaime Quintanilla, constitúen a Irmandade de Amigos da Fala de Santiago⁹. O seu organizador foi Porteiro Garea, profesor de Dereito na Universidade de Santiago e quen, con tan só 27 anos, xa fixera un longo percorrido ideolóxico¹⁰. Foi o seu discurso fundacional o que marca o rumbo das Irmandades da Fala¹¹ na defensa da lingua galega.

Pouco a pouco foron formándose novas Irmandades en Monforte, o 15 de xuño de 1916¹², en Pontevedra, o 4 de novembro¹³, en Ourense, o 14 de novembro¹⁴ ou en Vilalba, o 24 de novembro¹⁵. Ao ano seguinte apareceron, entre outras, a de Ferrol, o 20 de abril de 1917, a de Vigo, o 20 de maio, e a de Mondoñedo, o 30 de outubro. Foron as agrupacións de Coruña, Ferrol, Ourense, Santiago, Betanzos e Monforte as máis numerosas e estables¹⁶.

Non se pode esquecer que, como ten sinalado Beramendi, as Irmandades foron un movemento de efectivos escasos, que oscilarán entre un mínimo de 400 afiliados e un máximo duns 700 en 1918, case todos procedentes exclusivamente das clases medias e, dentro destas, cun claro predominio de profesionais liberais, docentes, funcionarios e xornalistas máis ou menos profesionalizados¹⁷. A constitución das Irmandades non procedía do expansionismo das xa existentes senón da capacidade de asociación dos galeguistas e dos federalistas nas distintas cidades e vilas galegas¹⁸. O programa consistía substancialmente en practicar o uso oral e escrito do galego entre os seus afiliados e, a partir de aí, difundilo na prensa e na sociedade; en chegar a publicar un boletín; en render culto ás grandes figuras do galeguismo; e en cultivar a cultura enxebre mediante excursións ás aldeas e o fomento da música popular¹⁹. E esta tarefa facíase esencial no campo do Dereito, onde moitos deles defenderon a lingua e a presenza do seu uso nos Tribunais de xustiza.

⁸ BERAMENDI, J. – NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O nacionalismo galego*, Edicións A Nosa Terra, Vigo, 1995, p. 93.

⁹ BERAMENDI, J.: “As Irmandades da Fala e o nacemento do Nacionalismo Galego”, op. cit., p. 54.

¹⁰ CORES TRASMONTA, B.: *Luís Porteiro Garea*, Editorial TresCtres, Santa Comba, 2005.

¹¹ AA. VV.: *A gran historia de Galicia...*, op. cit., p. 184.

¹² Foi a Irmandade de Monforte, presidida polo notario Banet Fontenla unha das máis activas do país.

¹³ As Irmandades non se consolidaron en Pontevedra. BERAMENDI, J. – NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O nacionalismo galego...*, op. cit., p. 99. Con todo, Castelao foi unha figura fundamental moi achegada ás Irmandades, como se pode ver nas súas colaboracións diversas coas Irmandades.

¹⁴ Destacan figuras como Losada Diéguez, Vicente Risco, Otero Pedrayo que foron un gran revulsivo do mundo cultural, social e político da cidade.

¹⁵ Lois Peña Novo, prestixioso avogado foi a alma mater da Irmandade de Vilalba.

¹⁶ BERAMENDI, J. – NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O nacionalismo galego...*, op. cit., p. 99.

¹⁷ BERAMENDI, J.: “As Irmandades da Fala e o nacemento do Nacionalismo Galego”, op. cit., p. 55.

¹⁸ AA. VV.: *A gran historia de Galicia...*, op. cit., p. 184.

¹⁹ BERAMENDI, J.: “As Irmandades da Fala e o nacemento do Nacionalismo Galego...”, op. cit., pp. 55.

Neste contexto, foi necesario crear un xornal, un órgano de difusión no que se involucran todos os intelectuais nacionalistas galegos²⁰. Non foi outro que *A Nosa Terra*, que sae do prelo por primeira vez o 14 de novembro de 1916 para dar información sobre as actividades dos distintos centros e, sobre todo, para sentar as bases dun principio de organización e de instrumento propagandístico do movemento²¹.

Así tamén as Irmandades procuraron o apoio dos catalanistas, conseguindo que Cambó viñese polo menos en dúas ocasións a Galiza e que distintos membros das Irmandades acudisen á Semana Galega en Barcelona²², chegando a aliarse para diferentes comicios²³. Debe destacarse tamén a súa aposta, a súa axuda para que o nacionalismo galego tivese un xornal diario que fose quen de cubrir un espazo que ata ese momento ficaba baleiro²⁴.

Como sinalamos anteriormente, existía entre os fundadores das Irmandades da Fala unha gran diversidade ideolóxica. Atopamos fundamentalmente a tendencia liberal-demócrata e a neotradicionalista, formando parte Peña Novo, Villar Ponte e Castelao da primeira, e Risco, Otero Pedrayo e Losada Diéguez da segunda²⁵. Esta diversidade de ideas políticas acabárase traducindo nun dos grandes conflitos das Irmandades: a crecente tensión entre rexionalistas estritos e protonacionalistas que pasan a ser nacionalistas, en palabras de Beramendi²⁶.

Foi na primeira Asamblea de Lugo onde parecerá que se aclaran as cousas sendo nese tránsito entre 1916 e 1918 cando se reformula a ideoloxía política das Irmandades. Deste xeito, a primeira Asamblea Nacionalista de Lugo de 1918 constitúe a base común de todos os programas do nacionalismo ata alomenos a Segunda República²⁷. Nela estaban presentes como asistentes sesenta persoas, ás que se adheriron dezasete máis. Presidiu a Asamblea Antón Losada, e entre os asistentes destacaban Risco, Noguerol, Castelao, Cabanilla, Banet Fontenla, Quintanilla, Peña Novo e os irmáns Villar Ponte entre outros²⁸.

Risco defendeu o nacionalismo do movemento, que ía gañando peso intelectual, nacendo aquí o nacionalismo galego, que se empregou fronte ao rexionalismo²⁹. Ás Irmandades foron chegando militantes procedentes de distintas opcións ideolóxicas. Unha amalgama de pensamentos, de experiencias e de vivencias que só tiñan en común a vinculación sentimental coa terra e a ilusión de construír algo novo e definitivo para Galiza tomando como fío condutor a defensa da lingua galega. Foron, en definitiva, os

²⁰ Este Semanario iniciouse o 14 de novembro de 1916 e rematou o 17 de xullo de 1936. Vid., *A Nosa Terra*, Tomos I-VII, A Coruña.

²¹ BERAMENDI, J. – NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O nacionalismo galego...*, op. cit., p. 96.

²² Destacarían Peña Novo e Porteiro Garea, do que se fan eco diferentes medios de comunicación.

²³ BERAMENDI, J.: “As Irmandades da Fala e o nacemento do Nacionalismo Galego...”, op. cit., pp. 59.

²⁴ AA. VV.: *A gran historia de Galicia...*, op. cit., p. 198. Ao respecto da relación con Catalunya, vid. *A Nosa Terra*, núm. 20, 30 de maio de 1917, p. 1, sobre Francesc Cambó. Tamén, BERAMENDI, J. – NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O nacionalismo galego...*, op. cit., p. 97.

²⁵ BERAMENDI, J.: *El nacionalismo gallego*, Arco/Libros, Madrid, 1997, p. 36; e BERAMENDI, J. – NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O nacionalismo galego...*, op. cit., p. 94.

²⁶ BERAMENDI, J.: “As Irmandades da Fala e o nacemento do Nacionalismo Galego”, op. cit., p. 56.

²⁷ BERAMENDI, J.: *El nacionalismo gallego...*, op. cit., p. 34. Onde se recolle a reclamación da cooficialidade do idioma galego e o castelán, e a defensa do dereito galego e que as leis sexan publicadas tamén en galego.

²⁸ Vid. *A Nosa Terra*, núm. 73 e 74, A Coruña, 1918, p. 3.

²⁹ BERAMENDI, J.: “As Irmandades da Fala e o nacemento do Nacionalismo Galego”, op. cit., p. 62.

membros das Irmandades uns defensores da cultura propia de Galiza e da dignificación da súa lingua. Como sinala Beramendi, as Irmandades foron quen de manter con vida a nova criatura que logo se fixo adulta, a idea de nación galega³⁰. Os seus membros lexitiman o orgullo de pertencer a unha xeración que procurou a modernización de Galiza e, sobre todo, darlle unha inxección de autoestima³¹ dende a defensa da lingua galega en campos tan alleos para ela como puido ser o Dereito.

III. OS MEMBROS DAS IRMANDADES DA FALA VENCELLADOS AO DEREITO.

A composición socioprofesional da militancia das Irmandades da Fala indica que a gran maioría procede de grupos sociais intermedios en todos os niveis, cunha preeminencia de profesións liberais e profesores³². Así mesmo, veremos como os membros das Irmandades estaban vencellados ao mundo do Dereito, xa fose porque a súa formación era xurídica, xa fose porque os seus desempeños futuros os vinculaban a esta disciplina.

1. Formación xurídica dos seus membros

A formación xurídica é en moitos dos membros das Irmandades unha característica común, como común é o feito de que moitos deles adoitaron estudar dúas carreiras: Dereito, e Filosofía e Letras na rama considerada por eles máis axeitada (lingua, filosofía, etc.).

Máis adiante afondaremos nos que se dedicaron directamente a profesións vencelladas ao Dereito e que, polo tanto, son licenciados nesta área do saber. Así, falaremos de Bouza Brey, Premio Extraordinario de Dereito, Porteiro Garea, Premio Extraordinario de Dereito e de Doutoramento, Noguero Buján, Banet Fontenla, Paz Andrade, Peña Novo, González Pastoriza, Cabeza de León.

Debe consignarse que entre os nosos grandes polígrafos Vicente Risco, Otero Pedrayo, Filgueira Valverde, Losada Diéguez e Aurelio Ribalta estudaron Dereito. Risco estudouno por libre na Universidade de Santiago, onde se licenciou en 1906. Otero Pedrayo fixo o preparatorio de Dereito por libre na Universidade de Santiago, e en 1905 vai a Madrid a estudar Dereito na Universidade Central. Filgueira Valverde estuda Dereito en Santiago e licénciase co Premio Extraordinario en 1927. Losada Diéguez estudou Dereito na Universidade de Santiago, aínda que antes estudara Filosofía e Letras en Deusto³³. Pola súa banda, Aurelio Ribalta estudou Leis e Filosofía e Letras na Universidade de Santiago.

³⁰ *Ibidem*, p. 64.

³¹ AA. VV.: *A gran historia de Galicia...*, op. cit., p. 197.

³² BERAMENDI, J.: *El nacionalismo gallego...*, op. cit., pp. 40-41.

³³ LOSADA ESPINOSA, L.: "As raíces, a terra; formación e aprendizaxe da vida" en BERAMENDI, J. (ed.): *Losada Diéguez. Obra completa*, Edicións Xerais, Vigo, 1985, p. 45.

Tamén atopamos dentro das Irmandades da Fala e do seu órgano de difusión, *A Nosa Terra*, estudantes de Dereito como Román Piñeiro e Manuel María González³⁴, sen que se poida atopar ningunha outra referencia documental.

2. Profesións vencelladas ao dereito

Dentro das profesións vencelladas ao dereito, debemos facer unha diferenciación entre as que o son directamente, como avogado, xuíz, fiscal, notario ou profesor de Dereito; ou indirectamente, como funcionario do Concello, funcionario do Estado, e mesmo profesor de Rudimentos xurídicos na segunda ensinanza.

A) Vencelladas indirectamente

Entre os membros vencellados indirectamente pola súa profesión ao mundo do Dereito atopamos a Ramón Cabanillas, que era funcionario do Concello de Cambados. Funcionarios da Facenda do Estado eran Florentino Cuevillas, Florencio Vaamonde, Aurelio Ribalta e o propio Vicente Risco.

Francisco Tettamancy era profesor de Mercantil e Losada Diéguez era profesor de segunda ensinanza de Psicoloxía, Lóxica ética e Rudimentos de Dereito³⁵.

B) Vencelladas directamente

Dentros dos membros vencellados directamente pola súa profesión ao mundo do dereito atopamos un gran número de avogados, dos que, en moitas ocasións, apenas temos referencias bibliográficas e que deseguido enumeramos.

Atopamos a Lois Cortiñas, que era avogado en Betanzos³⁶, a Xosé Núñez Búa, que exercía como avogado en Vigo ademais de dirixir un colexio³⁷, a Francisco Fernández del Riego, que traballou como pasante de Paz Andrade³⁸, a Camilo Barcia Trelles, profesor da facultade de Dereito de Oviedo, a Florencio Delgado Gurriarán, avogado en O Barco de Valdeorras, a Augusto de las Casas, avogado e secretario do Goberno civil de Ourense, a Xerardo Álvarez Gallego, avogado e procurador na cidade de Vigo, a Servando González Aller, avogado, a Xosé García Vidal, avogado da Deputación de Pontevedra, a Xosé Irexas Roura, avogado e poeta de A Coruña, tesoureiro das Irmandades da Coruña e exdirector de *A Nosa Terra*³⁹, a Xosé Posada Curros, avogado e profesor da Escola de comercio, a Horacio Francisco Gastañaduy, avogado e funcionario de Facenda, a Antón Maseda Romero, avogado e licenciado en Letras, a Rodrigo Sanz, avogado e xurista⁴⁰, a Antonio Valcárcel, avogado e secretario

³⁴ *A Nosa Terra*, núm. 5, 25 de decembro de 1916 e *A Nosa Terra*, núm. 9, 6 de febreiro de 1917, respectivamente.

³⁵ Esta era unha materia de medias que viña a ser unha especie de filosofía e introdución ao Dereito.

³⁶ TORRES REGUEIRO, X.: “A Irmandade da Fala de Betanzos” en *Murguía: Revista Galega de Historia*, Núm. 32, Instituto Galego de Historia, Santiago, 2015, pp. 66.

³⁷ CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século*, Edicións do Castro, Sada, 1998, p. 127.

³⁸ *Ibidem*, p. 171.

³⁹ *Ibidem*, *A Nosa Terra*, núm. 37, 20 de novembro de 1917, p. 5.

⁴⁰ Rodrigo Sanz, é unha figura que ven do agrarismo, un político e avogado xa moi recoñecido. Vid., BRISSET MARTÍN, X.: “Os solidarios ante o invicto marqués” en *Cátedra. Revista eumesa de estudos*, p. 13.

da Cámara de Comercio de A Coruña⁴¹, a Ramón Díaz Ponte, notario⁴², a Xesús Fariña Guitián, avogado de Monforte⁴³, a Carlos Sánchez Táiz, avogado en Monforte, a Benigno Varela, avogado en A Coruña e Lugo, e a Xosé Fernández Arias⁴⁴, avogado.

IV. OS XURISTAS DAS IRMANDADES DA FALA

Deseguido recollemos algúns dos xuristas máis relevantes das Irmandades, deses que tiñan a Galiza e o Dereito como ensaña e que defenderon por primeira vez a lingua galega como vehículo de expresión dunha disciplina que ata ese momento lle dera as costas. E as palabras que Otero Pedrayo dixo dos máis novos, tamén se poden estender a todos eles porque: “semellaban nados para seguir afondando as aradas dos grandes mestres dos séculos pasados nos eidos e nas ermanzas do Dereito”⁴⁵.

1. Manuel Banet Fontenla

Naceu Manuel Banet Fontenla en A Coruña o 30 de maio de 1871 e morreu o 29 de setembro de 1962, tamén en A Coruña. Debe destacarse o seu compromiso co rexionalismo e coa cultura galega, sendo un dos membros fundadores da Real Academia Galega e o encargado de ler o discurso do presidente Murguía na sesión inaugural⁴⁶.

Tamén exerceu como avogado, economista e notario⁴⁷; en definitiva, un xurista comprometido co país que impulsou a creación das Irmandades da Fala.

Banet Fontenla rematou os seus estudos de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela en 1892 e, ademais, doutorouse na Universidade Central de Madrid, cunha tese de doutoramento que levaba por título: “De las legítimas. Examen comparativo de las disposiciones del Derecho justinianeo y del patrio en esta materia”⁴⁸. Este traballo de investigación é un reflexo inequívoco do seu compromiso con Galiza, posto que pode que sexa no dereito civil onde se agoche a esencia dunha comunidade social diferente, sendo así o dereito civil a mellor expresión dun pobo.

Como destaca Sebastián Martínez Risco, posuía un coñecemento das institucións

⁴¹ Vid., *A Nosa Terra*, núm. 44, 30 de xaneiro de 2018, p. 2.

⁴² Recóllese en *A Nosa Terra*, núm. 8, 25 de xaneiro de 1917, p. 5, unhas interesantes palabras sobre a tarefa do notario, do xurista e a necesidade de defender o galego.

⁴³ Mencionado en *A Nosa Terra*, núm. 11, 26 de febreiro de 1917 e no núm. 16, 20 de abril de 1917, destacando que marcha a vivir, e a exercer de avogado en A Coruña.

⁴⁴ *A Nosa Terra*, número 7, 15 de xaneiro de 1917, p. 7, onde se menciona a Conferencia do xoven e elocuente avogado don Xosé Fernández Arias.

⁴⁵ Referíndose a Peña Novo, Porteiro e Nogueiro, vid., OTERO PEDRAYO, R.: *O libro dos amigos...*, op. cit., p. 221.

⁴⁶ Vid., *Boletín de la Real Academia Gallega*, núm. 309, A Coruña, 1956, pp. 568-575.

Ostentou o cargo de Tesoureiro desde o 19 de xuño de 1944 ata o 15 de outubro de 1944, durante unha interrupción no labor de Ángel del Castillo López.

⁴⁷ FERNÁNDEZ CAAMAÑO, J. M.: *La Coruña vista desde sus libros de actas*, Visiónnet, Madrid, p. 303. Onde se recolle que foi un economista e notario.

⁴⁸ Vid. Arquivo Histórico Nacional AHN-28079-UD-1484339 onde consta o seu doutoramento en Dereito, na Universidade Central de Madrid, en 1893.

de dereito consuetudinario galego⁴⁹, e, como tal, así o definiu Otero Pedrayo, como un home cun fondo e realista senso xurídico⁵⁰. Podemos destacar que foi Banet Fontenla unha das figuras máis importantes das Irmandades da Fala, e poida que o feito de ser notario e ter unha posición inequívoca a favor do país e da súa lingua fixo del unha referencia para os novos deste movemento⁵¹.

Tamén traballou durante uns anos como avogado penalista na cidade de A Coruña, ata que no 1899 aproba as oposicións de notarías co número 1 e se traslada a Monforte para exercer como notario durante máis de trinta anos⁵².

En 1930, substituíndo a Andrés Domínguez Durán, exerceu como notario en Santiago de Compostela. Finalmente, volveu á Coruña como notario substituíndo a Ildefonso Fernández Feijoo.

Foi o propio Banet Fontenla quen, no seu exercicio de notario, levantou acta notarial da Asamblea do Estatuto galego outorgada no ano 1932⁵³ e no que se facía unha firme aposta pola defensa da lingua galega. No ano 1946 regresou á carreira da avogacía abrindo o seu propio despacho na rúa Real da Coruña.

2. Fermín Bouza Brey

Fermín Bouza-Brey Trillo naceu en Ponteareas o 31 de marzo de 1901 e morreu o 11 de xuño de 1973 en Santiago de Compostela, sendo soterrado na vila de Cortegada.

Foi un intelectual que dedicou os seus esforzos á investigación no campo da etnografía, da arqueoloxía e da literatura, deixando numerosos traballos difundidos en publicacións diversas. Colaborou coa Real Academia Galega, na que ingresou no ano 1941, e co Seminario de Estudos Galegos. A súa obra *Nao senlleira* inicia a corrente poética do neotrobadorismo.

Ademais do seu compromiso coa cultura en todas as súas facetas, Bouza Brey foi un home de lei, como veremos a continuación, e esa formación xurídica e ese dedicarse á práctica do dereito marcaron, como non podía ser doutro xeito, a súa vida.

Licenciado en Filosofía e Letras, tamén se licenciou en Dereito, e con Premio Extraordinario, no ano 1924, pola Universidade de Santiago. Pasados uns anos accedeu ao corpo de aspirantes á xudicatura, comezando a traballar como maxistrado en Vielha (Lleida) no ano 1929. A finais dese mesmo ano foi destinado á Estrada, xa na Galiza.

⁴⁹ MARTÍNEZ RISCO, S.: *Manuel Banet Fontenla*, *Boletín de la Real Academia Gallega*, núm. 352, A Coruña, 1970, p. 462.

⁵⁰ OTERO PEDRAYO, R.: *O libro dos amigos*, Editorial Galaxia, Vigo, 2012, p. 95.

⁵¹ BANET FONTENLA é mencionado en numerosas ocasións en *A Nosa Terra*, órgano de difusión das Irmandades da Fala, destacando sempre a súa posición de referencia en todas as actuacións tomadas e, singularmente, na súa presidencia da Irmandade de Monforte.

⁵² MARTÍNEZ RISCO, S.: *Manuel Banet Fontenla...*, op. cit., p. 462.

⁵³ PAZOS, A.M.: *Xuntos por Galicia. A assemblea de Concellos de 1932 e o Estatuto de Autonomía de Galicia*, CSIC, Cuadernos de Estudios Gallegos núm. 9, Santiago de Compostela, 2009, p. 28.

Ocupa esa praza de maxistrado cando se produce o golpe de Estado no ano 1936⁵⁴, e dase a curiosidade de que en plena guerra a xurisdición do seu Tribunal esténdese ata o xulgado de Lalín por mor dunha vacante. Tamén no ano 1939, durante a guerra, é nomeado para o posto de oficial, capitán do corpo xurídico militar en Lleida, e despois en Igualada, Barcelona.

En setembro de 1939 volve de novo á Estrada, onde estará ata o ano 1943. Nese momento é nomeado para o posto de xuíz de Primeira Instancia e Instrución de Santiago, aínda que xa comezaba a ser moi patente a súa precaria saúde, o que condicionou o seu exercicio máis adiante como maxistrado na Audiencia de Lugo e na de Pontevedra⁵⁵. Tivo tamén problemas en Pontevedra por insinuacións sobre a súa vida privada que o levaron a pensar en deixar a xudicatura e exercer como avogado en Santiago de Compostela⁵⁶. Pouco tempo despois, decidiu pedir o traslado aos xulgados de Lleida ou de Soria e, finalmente, no ano 1949, foi nomeado para o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Lleida, onde estivo pouco tempo porque foi nomeado nese mesmo ano para a Audiencia Territorial de Oviedo.

Permanecerá aló ata que no ano 1955 foi separado da carreira xudicial en circunstancias un tanto estrañas, relacionadas, entre outras cousas, coa conferencia que dera en Buenos Aires, no Centro Galego, en 1951.

Dende ese momento, abriu despacho profesional como avogado na cidade de Santiago, onde exerceu a profesión ata o seu pasamento, en 1973⁵⁷. Recibiu en vida a Cruz de Alfonso X o Sabio, en 1942, e unha insignia moi querida no ámbito do dereito como é a Cruz de San Raimundo de Penafort, de segunda clase.

Vidal Fraile ten recollido as diferentes pegadas xurídicas nos escritos de Bouza Brey⁵⁸, pegadas que amosan a súa inquedaanza como investigador e como xurista. Destacan “O casairádego no dereito consuetudinario galego”⁵⁹, “Supervivencia do dereito consuetudinario xermánico no costumario Luso-Galaico”⁶⁰ e “La prueba judicial del juramento sobre el sepulcro del apóstol”⁶¹.

⁵⁴ Como sinala GONZÁLEZ PÉREZ, o golpe militar transforma tanto as vidas do país, como o propio desempeño da xudicatura, e son moi ilustrativas testemuñas que recolle, vid. GONZÁLEZ PÉREZ, C.: “Fermín Bouza Brey e Trillo: Xuíz e Maxistrado. Expediente 153/1951” en AA.VV.: *Fermín Bouza Brey. Xuíz e galeguista*, Deputación de Pontevedra – Galeguizar Galicia, Pontevedra, 2011, p. 26-36.

⁵⁵ Sufriu permanentes problemas de saúde que se derivaban na imposibilidade de desempeñar o seu traballo, e na necesidade de mudar de destino laboral para buscar lugares máis axeitados para a súa saúde.

⁵⁶ vid. GONZÁLEZ PÉREZ, C.: “Fermín Bouza Brey e Trillo: Xuíz e Maxistrado. Expediente 153/1951”... op. cit. p. 46.

⁵⁷ PLATAS TASENDE, A.: “Fermín Bouza Brey. Xuíz, avogado, poeta, erudito...” en AA.VV.: *Fermín Bouza Brey. Xuíz e galeguista*, Deputación de Pontevedra e Galeguizar Galicia, Pontevedra, 2011, p. 188.

⁵⁸ VIDAL FRAILE, M.: *As pegadas xurídicas de Fermín Bouza Brey*, Xunta de Galicia e Asociación de funcionarios para a Normalización Lingüística.

⁵⁹ BOUZA BREY, F.: “O casairádego no dereito consuetudinario galego”, en *Scientia Iuridica*, T. VI, núm. 30/32, Braga, 1957.

⁶⁰ BOUZA BREY, F.: “Supervivencia do dereito consuetudinario xermánico no costumario Luso-Galaico”, en *Actas do Coloquio de Estudos Etnográficos Dr. José Leite de Vasconcelos*, Vol. III, Porto, 1960.

⁶¹ BOUZA BREY, F.: “La prueba judicial del juramento sobre el sepulcro del apóstol” en *Compostellanum*, Vol. IV, núm. 2, Santiago, 1959.

3. Salvador Cabeza de León

Salvador Cabeza de León nace en Betanzos o 5 de febreiro de 1864 e morre en Santiago de Compostela o 20 de maio de 1934, xustamente o día en que se xubilaba dando a súa derradeira lección maxistral.

Como sinalaba Carro García no *Boletín da Academia Gallega*⁶², era un amante do estudo e das letras, e un alumno avantaxado da Universidade de Santiago que desenvolveu o seu labor con escritos de toda índole durante máis de cincuenta anos de docencia. E sempre dende o amor á patria e ao país, colaborando con Brañas e Murguía, formando parte das Irmandades da Fala e presidindo en Santiago o seu primeiro aniversario⁶³.

Fundou con Cotarelo Valledor o Seminario de Estudos galegos, ao que pertenceu como xefe da sección de Historia e do que foi presidente ata a súa morte. Así mesmo, foi membro das Academias da Historia e de Bellas Artes, entre outras, e alcalde de Santiago dende 1910 a 1914.

Licenciouse en Dereito con sobresaínte na Universidade de Santiago en 1884 e doutorouse en Dereito na Universidade Central de Madrid en 1887. Foi profesor auxiliar de Dereito Mercantil e Internacional na facultade de Dereito de Santiago ata que, no ano 1903, accede por oposición á Cátedra de Dereito Internacional Público e Privado da Universidade de Santiago; e dende 1919, tamén á Cátedra de Dereito Canónico. Foi nesta mesma universidade onde se xubilaría no ano 1934. A isto podemos unir o feito de que, entre 1920 e 1928, foi decano da facultade de Dereito da Universidade de Santiago.

Entre os seus traballos xurídicos destaca *A Insinanza do Dereito Román na Universidade de Sant-Yago, hastra o plan de estudos de 1772*⁶⁴. Tamén *El sistema de la personalidad del Derecho, Algunas ideas de Saavedra Fajardo referentes al Derecho Internacional*⁶⁵. Deben destacarse *Historia de la Universidad de Santiago de Compostela, Materiales acopiados y transcritos, ordenados, completados y redactados por Enrique Fernández Villamil*⁶⁶.

Saliéntase tamén a súa competencia nos estudos xurídicos e nos traballos sobre Dereito Internacional, chegando a formar parte xunto con outros catedráticos de Dereito Internacional da representación española no I Universal Races Congress, celebrado en Londres⁶⁷.

⁶² Vid., CARRO GARCÍA, J.: “Don Salvador Cabeza de León” en *Boletín da Academia Galega* núm. 253, A Coruña, 1934; e “Gallegos ilustres”, en *Raza celta*, núm. 6, Montevideo, 31 de xullo de 1934, pp. 14-15

⁶³ Vid., *A Nosa Terra*, número 19, 20 de maio de 1917.

⁶⁴ BOUZA BREY, F.: “A Insinanza do Dereito Román na Universidade de Sant-Yago, hastra o plan de estudos de 1772” en *Separata dos Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, A Coruña, 1928, Imprenta Lar.

⁶⁵ Vid., CARRO GARCÍA, J.: “Don Salvador Cabeza de León” en *Boletín da Academia Galega* núm. 253, pp. 4. Carro García tamén cita a obra *Notas de un pleito... aproveitamento de unha ballena*, sen que se poida determinar o nome completo.

⁶⁶ Vid., FERNÁNDEZ VILLAMIL, E. (ed.), CSIC / Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago de Compostela, 1946-47, 3 volumes.

⁶⁷ Do 26 ao 29 de xullo de 1911, xunto con outros membros como José Gascón y Marín, Manuel Torres Campos, Aniceto Sela e Gonzalo Fernández de Córdoba.

E debe destacarse tamén que no ano 1932 presidiu a Comisión redactora do Anteproxecto do Estatuto galego⁶⁸, un traballo dun gran calado xurídico e de gran transcendencia social que deixou listo o dictame coas correspondentes emendas a finais dese mesmo ano.

Cabeza de León foi un membro eximio da Academia universitaria, e ocupou a cátedra de Dereito Internacional nun tempo onde isto significaba estudar un programa de xustiza para todo o mundo⁶⁹. Lembra Otero Pedrayo a súa derradeira lección de cátedra no Paraninfo da Universidade de Santiago onde desenvolveu un caso clásico do Dereito Internacional, o apresamento do buque Virxinia⁷⁰ co que remataría a súa vida académica e poucas horas despois a súa propia vida.

4. Roberto González Pastoriza

Roberto González Pastoriza naceu en Moaña o 26 de febreiro de 1898 e morreu en Vigo en 1985. Podemos dicir del moitas cousas, pero se cadra o aspecto máis importante é que toda a súa vida xirou ao redor da súa condición de avogado.

A esa condición engadíase a de articulista en diferentes xornais como *Faro de Vigo*, *La Noche* ou *El Pueblo Gallego* e a do compromiso co galeguismo e a lingua galega⁷¹. Asistiu á II Asamblea Nacionalista celebrada en Santiago de Compostela en 1919, integrouse máis adiante no Grupo Autonomista Galego e colaborou na redacción do Proxecto de Estatuto de Autonomía para Galiza no ano 1936. Tamén debe sinalarse o seu apoio á cultura, destacando a súa colaboración coa Fundación Penzol e coa propia Asociación Cultural de Vigo.

No que atinxe estritamente á súa condición de xurista, estudou Dereito na Universidade de Santiago, licenciándose en 1920. Debe sinalarse que entre os seus profesores estaban dous grandes nomes das Irmandades da Fala, Luís Porteiro Garea e Lois Peña Novo⁷².

Pouco tempo despois de licenciarse incorporouse ao despacho do coñecido avogado Gregorio Espino, quen, cando foi nomeado alcalde de Vigo, deixou ao seu colaborador ao cargo do mesmo. Xa no ano 1927, sendo letrado externo do Concello de Vigo⁷³, abre despacho propio na Porta do Sol da cidade olívica.

⁶⁸ Nesta Comisión estaban, entre outros, Manuel Iglesias Corral, Eladio Rodríguez, Manuel Lugrís Freire, Jacobo Arias del Villar, Avelino López Otero, Rodrigo Sanz López, Alexandre Bóveda, Santiago Montero Díaz e Enrique Rajoy Leloup.

⁶⁹ OTERO PEDRAYO, R.: *O libro dos amigos...*, op. cit., p. 214.

⁷⁰ Ibidem, p. 216.

⁷¹ Vid. ALONSO MONTERO, X.: “Tres cartas de Roberto González Pastoriza sobre o idioma galego, Castelao e García Lorca” en AA. V.V.: *Roberto González Pastoriza. Un xurista de lei*, Asociación de Funcionarios para a normalización lingüística, Vigo, 2013, pp. 83-84.

⁷² MARTÍNEZ GONZÁLEZ, X.: “Roberto González Pastoriza. Un galeguista republicano con todo dereito” en AA. V.V.: *Roberto González Pastoriza. Un xurista de lei*, Asociación de Funcionarios para a normalización lingüística, Vigo, 2013, p. 23.

⁷³ Posto que ostentou no Concello ata o ano 1933.

Adoita ser habitual que o exercicio da profesión de avogado só teña visibilidade pública en documentos cando se levan asuntos de notoriedade. Afortunadamente, no caso de González Pastoriza podemos documentar a súa actividade porque era letrado da Caixa de Aforros que había en Vigo, e da Unión de Entidades Viguesas⁷⁴. Foi el tamén un dos membros da comisión promotora do Colexio de Avogados de Vigo, como se fixeron eco os xornais da época⁷⁵.

Atopamos del diferentes artigos xurídicos publicados ao longo da súa vida en diferentes revistas xurídicas, como a *Revista Jurídica y Administrativa de Galicia, Dereito y Justicia* ou a *Revista General de Legislación y Jurisprudencia*⁷⁶. Destacan tamén as publicacións *Posibilidades legales de garantizar los préstamos hipotecarios* e *Los límites de la acción del Estado y la ordenación del ahorro*⁷⁷. Debe suliñarse tamén o seu coñecemento do dereito foral, o dereito propio de Galiza⁷⁸, ao que lle dedicou atención durante toda a súa vida.

Non debemos esquecer que González Pastoriza era sobre todo avogado e vía a vida a través do dereito⁷⁹. E, así, ao longo da súa vida desenvolveu a profesión de avogado con brillantez e levando asuntos de gran relevancia pública, como os derivados dos feitos de outubro de 1934⁸⁰. Tamén defendeu a varios políticos tralo golpe de Estado de 1936, o que lle trouxo unha serie de problemas que o levaron a ser desterrado á vila de Verín, aínda que o confinamento non durou moito e onde coincidiu con Paz Andrade⁸¹.

Finalmente, González Pastoriza abriría un despacho na cidade de Vigo, na rúa Queipo de Llano, no edificio onde vivía e onde se mantivo traballando ata o final da súa vida⁸². No ano 1978 foi condecorado coa Cruz de San Raimundo de Peñafort de primeira categoría, unha das distincións máis importantes no desempeño da práctica do dereito.

5. Arturo Noguerol Buján

Arturo Noguerol Buján naceu en Ourense o 6 de maio de 1892 e morreu asasinado polos afectos ao golpe de Estado en Ferrol o 12 de setembro de 1936. Foi un

⁷⁴ MARTÍNEZ GONZÁLEZ, X.: “Roberto González Pastoriza. Un galeguista republicano con todo dereito...”, op. cit., p. 25.

⁷⁵ Vid., Xornal *El pueblo gallego*, de 16 de decembro de 1931.

⁷⁶ Tamén noutras como o Boletín de Información de la Cámara oficial de Comercio, Industria y Navegación de Vigo, ou a Revista Previsión.

⁷⁷ MARTÍNEZ GONZÁLEZ, X.: “Roberto González Pastoriza. Un galeguista republicano con todo dereito...”, op. cit., p. 26.

⁷⁸ Poida que sexa este dereito, o dereito civil foral, o que garde a esencia propia dunha comunidade social, cultural e política, fronte ao propio dereito civil común.

⁷⁹ Vid. ROMÁN ALONSO, F.: “Roberto González Pastoriza lembrado por Arsenio Paz Carballo” en AA.VV.: *Roberto González Pastoriza. Un xurista de lei*, p. 71.

⁸⁰ Obsérvase que sinala MARTÍNEZ GONZÁLEZ que para este asunto aconsellouse con OSSORIO Y GALLARDO, un dos grandes avogados do país a comezos da primeira metade do século XX. MARTÍNEZ GONZÁLEZ, X.: “Roberto González Pastoriza. Un galeguista republicano con todo dereito...”, op. cit., p. 36-37.

⁸¹ CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade...*, op. cit., p. 159.

⁸² Destacan os importantes clientes cos que contou entre os que destacan Antonio García, Estanislao Durán, os irmáns Fernández López entre outros.

home comprometido co seu país e formou parte das Irmandades da Fala e do grupo de intelectuais ourensáns que máis adiante fundarían a revista *Nós*, onde el tivo un papel fundamental⁸³. Tamén colaborou coas revistas *La Centuria* e *A Nosa Terra*.

Aquí queremos destacar a súa perspectiva como xurista. Arturo Noguerol estudou Dereito na Universidade de Salamanca e licenciouse con sobresaínte no ano 1915. Pouco tempo despois de rematar a carreira volveu a Ourense e colexiouse como avogado no Colexio de Avogados de Ourense no ano 1916, abrindo despacho profesional no número 12 da rúa Padre Feijoo⁸⁴.

Exerceu este traballo ata que, en 1925, foi nomeado secretario da Administración Local con categoría de primeira, actuando interinamente en Pereiro de Aguiar e en Avión, e obtendo finalmente a praza en propiedade nos Concellos de Avión, Rianxo e Serantes⁸⁵.

Dende 1927 exerce como secretario no Concello de Rianxo, ata que, en 1932, grazas a unha permuta de prazas, pasa a ocupar a praza no Concello de Serantes.

Publicou diferentes traballos vencellados a cuestións xurídicas e ás vinculacións entre a realidade e o dereito. Así, na revista *La Centuria* publicou catro artigos: sobre o *boycott* nas folgas, sobre a patria, sobre o delito e a pena nas poesías de Curros Enríquez, e, finalmente, sobre os dereitos dos obreiros e a redución da xornada⁸⁶. Merece unha especial atención o traballo titulado “El delito y la pena en las poesías de Curros Enríquez”, onde fai unha interesante reflexión sobre a xustiza penal, a súa significación e a súa comprensión nas obras de Curros Enríquez⁸⁷, citando tamén ao Padre Sarmiento e a súa oposición á pena de morte⁸⁸.

Fai público tamén un folleto de trinta e dúas páxinas titulado “Parolas sobre a propiedade”, no que se observa a súa formación xurídica⁸⁹. No órgano voceiro das Irmandades da Fala, *A Nosa Terra*, publica un artigo con carácter xurídico que leva por título “Orientacións políticas de Galicia”⁹⁰. Non se debe esquecer que el, xunto con Risco, Otero e Losada Diéguez, entre os máis relevantes, formaban a Irmandade ourensá.

⁸³ Pénsese que durante moito tempo foi o seu despacho onde tivo a sede da xerencia a mítica revista.

⁸⁴ ROMÁN ALONSO, F.: *Arturo Noguerol. Xornalista, arbitrista e financeiro do galeguismo*, Editorial Ir Indo, Vigo, 2003, p. 15.

⁸⁵ *Ibidem*, p. 44.

⁸⁶ Vid., *La Centuria. Revista Neosófica*, Sotelo Blanco, Edición Facsímil, Barcelona, 1981. Núm. 1, pp. 11-12, Núm. 2, pp. 9-14, Núm. 5, pp. 7-11, Núm. 6, pp.

⁸⁷ NOGUEROL BUJÁN, A.: “El delito y la pena en las poesías de Curros Enríquez” en *La Centuria. Revista Neosófica*, Sotelo Blanco, Edición Facsímil, Barcelona, 1981, p. 7-11.

⁸⁸ Polo seu interese ao respecto, vid. ALLEGUE AGUETE, P. - RODRÍGUEZ ENNES, L.: “Reflexiones sobre algunas ideas punitivas del P. Sarmiento” en *Anuario de Derecho Penal y Ciencias Penales*, Tomo 45, Madrid, 1992, pp. 855-880.; e tamén, ALLEGUE AGUETE, P.: *A filosofía ilustrada de Fr. Martín Sarmiento*, Edicións Xerais, Vigo, 1993.

⁸⁹ “Parolas sobre a propiedade” foi un folleto de 32 páxinas editado en *La región* de Ourense.

⁹⁰ “Orientacións políticas de Galicia...” publicado en *A Nosa Terra*, núm. 114, 20 de marzo de 1920 e no núm. 118, 25 de abril de 1920.

No número 1 da revista *Nós* podemos atopar tamén un traballo de Noguerol que fala da problemática do traballo en Galiza e dos dereitos dos traballadores⁹¹.

6. Valentín Paz Andrade

Valentín Paz Andrade nace o 23 de abril de 1898 na vila de Pontevedra e morre o 19 de maio de 1987 en Vigo. Por todos é sabido que foi un empresario e avogado que, ademais, exerceu de escritor, de xornalista e de poeta. Pero, por riba de todo, Paz Andrade foi un home que tiña Galiza como centro das súas preocupacións⁹², como centro do seu imaxinario vital.

Repasar a súa biografía é repasar as peripecias cruciais de Galiza no século XX: o Valentín galeguista, o Valentín republicano, o Valentín emprendedor⁹³, o Valentín conferenciante, o Valentín senador...

Paz Andrade estudou Dereito na Universidade de Santiago licenciándose no ano 1921⁹⁴ e colexiándose nese mesmo ano no Colexio de Avogados de Pontevedra. De feito, aos poucos días de obter o título tivo que exercer como avogado defensor nun caso de homicidio na Audiencia de Pontevedra⁹⁵. Como el mesmo sinalou, o oficio da defensa parecíalle o que mellor cadraba co seu temperamento de ter que vivir nun país tan corroído pola inxustiza⁹⁶.

Nas súas palabras, compróbase que Paz Andrade sabe que o exercicio da avogacía para un avogado novo é duro⁹⁷ e que é un camiño cheo de atrancos.

Con todo, centrouse na súa actividade profesional tralos problemas derivados do seu activismo xornalístico⁹⁸. O asunto que lle permitiu superar os seus atrancos económicos foi un preito derivado de dereitos de exportación dunhas mercadorías, e no que descubriu que a conduta que era delito e que impedía vendelas, e da que se derivaba unha sanción, despenalizárase. Así, defendeu a retroactividade da lei posterior ao delito, a favor dos reos, e firmouse a absolución; o último paso foi presentar unha reclamación para recuperar os cartos, e unha vez conseguido, cobrou unha substanciosa minuta⁹⁹.

⁹¹ Vid., Núm. 1 da *Revista Nós*, 30 de outubro de 1920. Ademais, publica tamén 10 artigos máis nesta revista.

⁹² Recollendo esta reflexión do prestixioso avogado Alfonso Álvarez Gándara. Vid., CARBALLA, X.: *Biografía de Valentín Paz Andrade*, Editorial Galaxia, Vigo, 2012, p. 9.

⁹³ Foi Paz Andrade un dos promotores de Pescanova no ano 1960, do que foi nomeado vicepresidente, vid., CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século*, Edicións do Castro, Sada, 1998, p. 308.

⁹⁴ PORTELA YAÑEZ, C.: *Valentín Paz Andrade*, Editorial Ir Indo, Vigo, 1998, p. 5,

⁹⁵ Por indicación dun oficial que traballaba na Audiencia amigo da familia. CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século*, Edicións do Castro, Sada, 1998.

⁹⁶ *Ibidem*, p. 62.

⁹⁷ Para un avogado novo, que non fora pasante de algún dos bufetes veteranos abrirse camiño non semellaba doado; reflexións sobre o exercicio profesional que fai Paz Andrade e que é moi ilustrativo. Vid., CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade...*, op. cit., p. 62-63.

⁹⁸ Estámonos referindo aos problemas co xornal Galicia que fai que se centre na avogacía a tempo completo. Vid., CARBALLA, X.: *Biografía de Valentín Paz Andrade...*, op. cit., p. 64.

⁹⁹ CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade...*, op. cit., p. 65-66.

Dende 1926 exerceu como avogado en Vigo e fíxose cargo do asesoramento xurídico da Sociedade de Armadores de Bouzas “La Marítima”¹⁰⁰. Como avogado dos armadores, asesóraos en cuestións fiscais e laborais¹⁰¹, e tamén no arbitrio estatal supuxo unha batalla xurídica a reclamación destes honorarios, e xurdiron moitos litixios ante o Tribunal Económico Administrativo Provincial, o Central e o propio Tribunal Supremo¹⁰².

Como avogado dos armadores logo dunha folga sofre un atentado por parte de sindicalistas, pola súa posición empresarial¹⁰³. Ademais, como o propio Paz Andrade sinala, aténtase contra a vida dun avogado en exercicio e o corpo togado séntese afectado e solidarízase. Principalmente, os avogados do Colexio de Madrid, do que formaba parte, e a Unión Nacional de Avogados, da que era o delegado en Galiza¹⁰⁴.

Durante a Guerra Civil, tralo golpe de Estado, seguiu exercendo a avogacía, pero o traballo profesional ficara conxelado. Había unha litixiosidade atípica no despacho, para a que nin xuíces nin letrados tiñan moita preparación¹⁰⁵. Paz Andrade permanece en Vigo pero só puido participar nalgún asesoramento xurídico indirecto, en palabras de Carballa¹⁰⁶. Foi desterrado á vila de Verín¹⁰⁷ ata que no ano 1937 puido regresar a Vigo, onde recupera a súa actividade profesional, salvando un breve período de tempo no que estivera desterrado en Estremadura. Despois do desterro volveu ao bufete de Vigo exercendo o seu traballo como avogado e as súas posteriores tarefas como empresario e emprendedor¹⁰⁸.

Ademais, como todo bo xurista tamén se dedicou a outras facetas do dereito. Así, no ano 1933 foi nomeado profesor auxiliar da Escola Superior de Traballo de Vigo¹⁰⁹. Impartiu numerosas conferencias sobre Dereito Marítimo tanto dentro como fóra do Estado¹¹⁰. Debe subliñarse o traballo que fixo sobre o sentido xurídico na obra de Valle-Inclán, que presentou en Vigo¹¹¹ e no que reflexiona moi acertadamente sobre o que significa o dereito: “Diluido en el espíritu de cada pueblo, el sentido de la justicia constituye uno de los principios obrantes en el transfondo colectivo”¹¹².

¹⁰⁰ PORTELA YAÑEZ, C.: *Valentín Paz Andrade...*, op. cit., p. 11.

¹⁰¹ Levou cuestións relacionados coa axencia tributaria, e a reclamación de impostos aos armadores, visita de inspectores, etc.

¹⁰² CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade...*, op. cit., p. 68.

¹⁰³ A dúbida é se o sucedido fora produto dun enfrontamento entre os escoltas de Paz-Andrade e dous sindicalistas. CARBALLA, X.: *Biografía de Valentín Paz Andrade...*, op. cit., p. 83.

¹⁰⁴ CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade...*, op. cit., p. 108-109.

¹⁰⁵ *Ibidem*, p. 132, 161.

¹⁰⁶ CARBALLA, X.: *Biografía de Valentín Paz Andrade...*, op. cit., p. 100.

¹⁰⁷ Coincidiu con GONZÁLEZ PASTORIZA desterrado tamén en Verín.

¹⁰⁸ CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade...*, op. cit., p. 159.

¹⁰⁹ PORTELA YAÑEZ, C.: *Valentín Paz Andrade...*, op. cit., p. 59.

¹¹⁰ Impartiu Conferencias sobre dereito do mar, sobre o concepto de zona económica no novo dereito do mar, en A Coruña e Vigo. CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade...*, op. cit., p. 391 e 398.

¹¹¹ Na presentación en Vigo da Anunciación de Valle-Inclán deu unha conferencia sobre “El sentido jurídico en la obra de Valle-Inclán”, que se incorporou á segunda edición do libro. E cambiando o título “La justicia de Laubanón”. Vid., CARBALLA, X.: *Biografía de Valentín Paz Andrade...*, op. cit., p. 139.

¹¹² PAZ ANDRADE, V.: *La anunciación de Valle-Inclán*, Akal Editor Arealonga, Madrid, 1981, pp. 149-163.

Paz Andrade sempre fixo simultáneas a pluma e a toga, e das súas reflexións despréndese un fondo coñecemento da profesión¹¹³ porque, como el mesmo di, “a toga é oficio noble, ao que nos entregamos ou non, pero non significa que sexa unha profesión de bon levar, nin moito menos”¹¹⁴. El responde a ese perfil de avogado do que falara Ángel Ossorio y Gallardo¹¹⁵.

7. Lois Peña Novo

Lois Peña Novo naceu en Vilalba o 5 de agosto de 1893 e faleceu en accidente de tráfico o 24 de xullo de 1967 cando volvía de Madrid cara á súa vila natal.

Foi Lois Peña Novo un home sensible co seu tempo, un home que soubo comprender que as teorizacións só serven se axudan a mudar a realidade, e, así, dende esta conciencia foi participando como articulista¹¹⁶, como axitador político e como un home que ocupou relevantes cargos ata o golpe militar de Franco¹¹⁷. Débese destacar a súa intervención en galego na toma de posesión no Concello de A Coruña ao ser escollido como concelleiro polo distrito tres da cidade o 7 de xullo de 1920¹¹⁸.

Logo de estudar por libre, no ano 1915 licénciase en Dereito na Universidade de Santiago, onde traba amizade con Lois Porteiro Garea, do que foi axudante¹¹⁹. Pouco tempo despois foi vivir á Coruña, onde comezou a exercer como avogado, como pasante de Durán García¹²⁰, ata que abriu despacho propio na cidade¹²¹.

No ano 1920 oposita a unha praza de profesor auxiliar na facultade de Dereito de Santiago sen conseguila¹²². Con todo, exerce a avogacía e é tida en gran consideración a súa capacidade xurídica, da que se fai eco *A Nosa Terra*¹²³.

¹¹³ O avogado acaba queimándose polos intereses dos outros, polos trinta diñeiros das minutas, que moitas veces nin se cobran. E outras parece que os pagara Xudas. E conste que eu fun un namorado da toga e non me arrepentirei de o ser. CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade...*, op. cit., p. 71 e 104.

¹¹⁴ *Ibidem*, p. 269.

¹¹⁵ Reflexionaba PAZ ANDRADE ao respecto das palabras de Ángel Ossorio, “Poucos grandes avogados foron so avogado, xa que o avogado que é só avogado, nin avogado é” Vid., OSSORIO Y GALLARDO, A.: *El alma de la toga*, Imprenta de Juan Pueyo, Madrid, 1920.

¹¹⁶ Vid., os artigos y ensaios de PENA NOVO en BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomo II, Santiago, 1995. Pódese comprobar que colaborou asiduamente coa prensa escrita.

¹¹⁷ Destaca como Gobernador Xeral de Estremadura, e Gobernador Civil de Sevilla e Valencia.

¹¹⁸ Vid. GARCÍA CENDÁN, Bernardo: “Lois Peña Novo: unha biografía...”, op. cit., p. 39. O distrito tres da cidade de A Coruña era o do barrio de Montealto. Esta intervención é considerada como a primeira vez que a nosa lingua foi empregada no pleno dun concello.

¹¹⁹ ROCA CENDÁN, M.: *Lois Peña Novo. Vida e pensamento político e económico*, Ediciós do Castro, Sada, 1982, p. 24 e 29.

¹²⁰ Vid., *A Nosa Terra*, núm. 9, de 6 de febreiro de 1917, p. 2, onde se destaca esta noticia. Tamén, GARCÍA CENDÁN, B.: “Lois Peña Novo: unha biografía” en BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomos I e II, Santiago, 1995, p. 27.

¹²¹ NOVO AZÓN, X. L.: *Lois Peña Novo*, Ir Indo, Santiago, 1995, p. 18.

¹²² GARCÍA CENDÁN, Bernardo: “Lois Peña Novo: unha biografía” en BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomos I e II, Santiago, 1995, pp. 30.

¹²³ *A Nosa Terra*, núm. 9, 6 de febreiro de 1917, p. 2. Que o define como “avogado cultísimo” entre outras cousas. Xa anteriormente, falaran del como un elocuente avogado, vid. *A Nosa Terra*, núm. 4, 15 de decembro de 1916, p. 7.

Finalmente, obtivo por oposición a Xefatura de Sección de Fomento e Gobernación do Concello de Vigo, no ano 1926, feito do que se fixeron eco os medios de comunicación¹²⁴, e dende o ano 1927 é membro do corpo de secretarios de Administración Local de primeira categoría. En 1928 goza dunha excedencia do Concello de Vigo para exercer como avogado¹²⁵. Vive tres anos en Vigo, ata que no ano 1929 deixa a cidade para ser secretario do Concello de Sada¹²⁶.

Máis adiante, na Segunda República, ocupou distintos postos relevantes: gobernador civil de Cáceres, Sevilla, Estremadura e Valencia. Tamén estivo traballando como avogado para os Fernández¹²⁷, un importante grupo económico que se dedicaba ao sector primario, á exportación de gando, exercendo como asesor xurídico da Unión de Tratantes de gando bovino¹²⁸.

Foi no ano 1936 cando obtivo a Secretaría Xeral do Concello de Lugo¹²⁹, onde durou ben pouco porque tres meses despois prodúcese o golpe militar. Dende ese momento Peña Novo concentrouse no exercicio da avogacía dende o seu despacho de Vilalba¹³⁰ practicamente ata 1962, ano no que marchou a Madrid para vivir co seu fillo.

Nas súas obras atópase unha fonda preocupación polo país, dende un coñecemento do dereito que lle permite comprender mellor os problemas do país. Isto percíbese na súa obra *La mancomunidad gallega*, que se publicou no ano 1921¹³¹, aínda que, como sinalou Villares Paz, esta obra tivo unha expresión xornalística antes mesmo de constituírse en libro¹³².

Tamén escribiu *Temas interesantes para Galicia*, publicado pola *Revista Mondariz*, e unha conferencia organizada e editada pola Caixa de Aforros de Vigo en 1926¹³³. En *El pueblo gallego*¹³⁴ publicou *Nuevas orientaciones sociales*. Era o ano

¹²⁴ Vid., *El pueblo gallego*, 25-28 marzo de 1926.

¹²⁵ GARCÍA CENDÁN, Bernardo: “Lois Peña Novo: unha biografía...”, op. cit., p. 31.

¹²⁶ ROCA CENDÁN, M.: *Lois Peña Novo...*, op. cit., p. 58.

¹²⁷ Un importante grupo gandeiro de Lugo, e con diferentes intereses culturais e empresariais, vid. ROCA CENDÁN, M.: *Lois Peña Novo. Vida e pensamento político e económico*, Edicións do Castro, Sada, 1982, p. 89.

¹²⁸ MARTÍNEZ LÓPEZ, A.: “Agricultura e agrarismo na Galicia do primeiro tercio do século XX: actitudes e opinións de Lois Peña Novo” en BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomos I e II, Santiago, 1995, p. 131.

¹²⁹ ROCA CENDÁN, M.: *Lois Peña Novo...*, op. cit., p. 89. GARCÍA CENDÁN, Bernardo: “Lois Peña Novo: unha biografía...”, op. cit., p. 33.

¹³⁰ NOVO AZÓN, X. L.: *Lois Peña Novo...*, op. cit., p. 47.

¹³¹ BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomo II, Santiago, 1995, p. 155. Neste traballo analiza o xeito de implantación da Mancomunidade galega, ao xeito da catalana.

¹³² VILLARES, R.: “Lois Peña Novo, analista da política internacional de entreguerras” en BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomos I e II, Santiago, 1995, p. 112.

¹³³ Vid. “El problema agrario y su resolución”, en BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomo II, Santiago, 1995, p. 137.

¹³⁴ Vid., “Nuevas orientaciones sociales” en *Ibidem*, p. 331.

1929. Non se poden esquecer as súas numerosas conferencias ao redor do país, nas se tocaban cuestións relacionadas co dereito¹³⁵.

8. Lois Porteiro Garea

Lois Porteiro Garea naceu o 16 de novembro de 1889 na cidade de Lugo e morreu en Santiago o 27 de outubro de 1918, no andazo de gripe que asolou ao país.

Pódese dicir que ao redor de Porteiro Garea xirou todo o imaxinario político das Irmandades da Fala, pois foi el quen tentou artellar o suxeito político de Galiza dende o seu activismo e dende un fondo coñecemento xurídico que lle permitía comprender o funcionamento do Estado, e, polo tanto, os problemas aos que se enfrontaría Galiza.

Por riba de todo foi un xurista que puxo todos os seus esforzos e coñecementos a favor de crear un país.

No ano 1911 licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago con Premio Extraordinario. Nese mesmo ano foi nomeado secretario do Concello de Arzúa, posto que ocupou durante seis meses antes de marchar para Madrid. Con todo, xa se dera de alta no Colexio de Avogados da Coruña, imaxinamos que con idea de exercer como avogado.

Unha vez en Madrid estivo traballando na sección de contabilidade de *El imparcial*, de Gasset y Artime¹³⁶. E será en Madrid onde, na súa Universidade Central defende, en 1913, a tese de doutoramento, que leva por título “El sistema parlamentario en España y sus relaciones con el caciquismo”¹³⁷. Neste traballo Porteiro Garea fai un estudo crítico das institucións parlamentares, e pon especial atención á na organización territorial¹³⁸. Tamén con esta investigación obtén o Premio Extraordinario.

No ano 1914 presentouse ás oposicións de profesor auxiliar tanto na facultade de Dereito da Universidade Central de Madrid¹³⁹, como na facultade de Dereito da Universidade de Santiago, obtendo una praza finalmente nesta segunda universidade, onde tomou posesión no ano 1915. Tamén foi secretario da Facultade de Dereito e secretario xeral da Universidade¹⁴⁰.

Como profesor de Dereito civil común e foral na facultade de Dereito de Santiago fixo diferentes reflexións sobre a reforma do Dereito. As súas ideas sobre a transformación do dereito civil pola Gran Guerra¹⁴¹ están recollidas na lección dada na propia universidade o 16 de setembro de 1915.

¹³⁵ Sirva de exemplo a Conferencia de PEÑA NOVO sobre os problemas xurídico-económicos de Galiza, vid., *A Nosa Terra*, número 15, 10 de abril de 1917, p. 7.

¹³⁶ Este xornal foi fundado por Eduardo Gasset y Artime, natural de Pontecesures, e avó do filósofo José Ortega y Gasset.

¹³⁷ Como ilustrativamente sinalou o propio PORTEIRO GAREA propúñase estudar cuestións relativas á forma de goberno, e o caso do caciquismo.

¹³⁸ Contra o centralismo, opón o que denomina centralismo-descentralizador.

¹³⁹ Dáse a curiosidade que a esta praza de Madrid tamén se presentou o eximio xurista Castán Tobeñas.

¹⁴⁰ CORES TRASMONTE, B.: *Luís Porteiro Garea*, Editorial TresCtres, Santa Comba, 2005, p. 71.

¹⁴¹ Lección de cátedra aberta ao público, aspecto este habitual nese tempo na Universidade.

No ano 1915 abriu despacho profesional en Santiago de Compostela e deuse de alta no propio Colexio de Avogados da cidade, onde era recoñecido como un excelente civilista e onde tiña unha gran sona como avogado¹⁴², como revela *A Nosa Terra*¹⁴³.

Impartiu diferentes conferencias ao redor do país e publicou distintos traballos de carácter xurídico, destacando a conferencia que impartiu no Ateneo de Madrid, sobre o caciquismo e o sistema de Goberno¹⁴⁴, pero tamén moitas outras onde o fio argumental era unha fonda preocupación polo dereito, polo seu concepto e pola súa relación coa realidade¹⁴⁵. Na conferencia que imparte no Circo de Artesanos da Coruña, organizada polas Irmandades da Fala coruñesas, analiza o concepto de nacionalidade e o concepto de Estado¹⁴⁶.

Nalgúns dos seus escritos publicados na sección “Labrador a la moderna” destaca a ausencia de estudos de dereito consuetudinario, e menciona expresamente a Rodrigo Sanz¹⁴⁷. Con motivo da publicación de “un labrador a la moderna” *A Nosa Terra* preguntoulle a Porteiro sobre o alcance do dereito especial de Galiza... e reflexiona moi acadamente ao respecto¹⁴⁸.

Son moi interesantes os seus artigos publicados en *A Nosa Terra*. Destaca un que titula “Dos nosos problemas”, onde reflexiona sobre o problema de non coñecer o galego, sinalando “que os nosos xuíces e notarios saiban o galego é o menos que podemos pedir, se han de ser garantía de xustiza e de fidelidade”¹⁴⁹, aspecto e problema que aínda na actualidade está enriba da mesa. Neste mesmo senso Porteiro Garea reclama que os xuízos orais deben ser en galego, porque é a lingua de Galiza¹⁵⁰.

Tamén abrolla o xurídico no discurso que pronuncia co gallo da fundación da Irmandade da Fala de Santiago, onde se ocupa da lingua da Administración de Xustiza¹⁵¹. Ou no programa electoral, cando se presentou como candidato en Celanova, onde reflexiona sobre diferentes cuestións xurídicas, como a reforma constitucional¹⁵². Todos estes aspectos fixeron del o máis esgrevio xurista das Irmandades da Fala, o que se reflicte no eco que tivo o seu pasamento e o número especial que publicou *A Nosa*

¹⁴² CORES TRASMONTÉ, B.: *Luís Porteiro Garea...*, op. cit., p. 74.

¹⁴³ *A Nosa Terra*, núm. 6, 5 de xaneiro de 1917, p. 7, que o define como un avogado novo, gran civilista e fogoso orador.

¹⁴⁴ Relacionada coa súa tese de doutoramento, e a súa Conferencia máis relevante fora a que dera no Ateneo de Madrid.

¹⁴⁵ Escribe tamén un texto, “A los gallegos emigrados” onde volve sintetizar e aplicar a Galicia o pensamento de Leon Duguit. Despois analiza “Las leyes de la vida de los pueblos”, de Gustav Le Bon, publicado en 1917. Tamén, aparece en *A Nosa Terra*, Núm. 10, 16 de febreiro de 1917, p. 5, o seu éxito nunha das súas conferencias.

¹⁴⁶ E falou tamén na segunda conferencia do idioma, e da lexislación social de Galicia; vid., CORES TRASMONTÉ, B.: *Luís Porteiro Garea...*, op. cit., p. 121.

¹⁴⁷ Que como xa se ten dito publicara un estudo sobre os arrendamentos rústicos e era un recoñecido político e agrarista.

¹⁴⁸ vid., CORES TRASMONTÉ, B.: *Luís Porteiro Garea...*, op. cit., p. 188.

¹⁴⁹ *A Nosa Terra*, número 4, 15 de decembro de 1916, p. 3.

¹⁵⁰ *A Nosa Terra*, número 8, 25 de xaneiro de 1917, p. 5, baixo o título “Cousas que non temos de esquecer”.

¹⁵¹ CORES TRASMONTÉ, B.: *Luís Porteiro Garea...*, op. cit., p. 111.

¹⁵² Tamén reflexiona sobre una Lei Xurídico-económica de redención dos foros, e tamén o recoñecemento da Compañía Familiar Galega; vid., CORES TRASMONTÉ, B.: *Luís Porteiro Garea...*, op. cit., p. 196.

Terra como homenaxe, no que destaca o artigo asinado por Cabeza de León, o compañeiro de Universidade e irmán da Fala¹⁵³.

V. CONCLUSIÓNS

A observación destas biografías dos xuristas das Irmandades da Fala pon de manifesto algo que é fundamental non esquecer: a vontade de dignificar a lingua en todos os ámbitos foi unha aposta crucial das Irmandades da Fala, e singularmente relevante no campo do Dereito. Así se expresou na Asamblea Nacionalista de Lugo en 1918, onde dentro dos problemas constituíntes recóllese a cooficialidade dos idiomas galego e castelán¹⁵⁴, e onde dentro das cuestións xurídicas pídesse a defensa do Dereito foral galego e o mandato referido a que as leis serán publicadas en idioma galego¹⁵⁵.

Como sinala Villar Ponte, había que conseguir que a lingua galega chegase a ámbitos sociais e culturais que ata ese momento, comezos do século XX, aínda non se tiveran acadado. Obviamente, o camiño non foi, non é doado, pero, con todo, podemos tomar conciencia de que a sociedade actual, e os xuristas de hoxe, nos seus diferentes desempeños, teñen uns venerables antecedentes, teñen uns venerables mestres.

Avogados de prestixio, doutores en Dereito e catedráticos de Universidade, notarios, xuíces, todos eles decidiron apoiar a lingua galega, porque apoiando a nosa lingua poderíamos, e poderemos, acadar a dignidade que unha sociedade moderna e democrática merece. Velaí a grande obra das Irmandades da Fala como colectivo en xeral, e dos seus xuristas como membros do ámbito particular do Dereito. Porque cando Porteiro Garea reclamaba que os xuízos debían ser en lingua galega, cando Cabeza de León reclamaba cátedras para a universidade galega, cando todos eles reclamaban que o galego tivese visibilidade na investigación e nas finanzas, e que o noso dereito fose recoñecido polo noso ordenamento xurídico, estaban a marcarnos o camiño para o futuro.

Poida que moitos deles non puidesen concibir un futuro como o que nós vivimos, poida que moitos deles ficasen asombrados polos debates e problemas que aínda hoxe atopamos os xuristas nos nosos desempeños, pero o fundamental é que eses xuristas, eses intelectuais estaban abrindo un camiño que endexamais se nos poderá pechar: a defensa do noso. Así, por primeira vez atopamos traballos e investigacións xurídicas en lingua galega, e así tamén atopamos por primeira vez a reclamación de que os nosos tribunais impartan xustiza na nosa lingua.

¹⁵³ *A Nosa Terra*, no núm. 70, 5 de novembro de 1918, da conta do falecemento de Porteiro, e os núms. 73-74 recollen diferentes artigos e necrolóxicas sobre Porteiro, vid., *A Nosa Terra*, números 73-74, 5 de decembro de 1918.

¹⁵⁴ *A Nosa Terra*, núm. 73 e 74, A Coruña, 1918, p. 1.

¹⁵⁵ Estas son as cuestións xurídicas 1ª e 3ª respectivamente; vid. *A Nosa Terra*, núm. 73 e 74, A Coruña, 1918, p. 2. Ademais, como curiosidade, debe sinalarse a defensa da igualdade de dereitos da muller casada, polo menos no caso da emigración do marido.

BIBLIOGRAFÍA

- AA. VV.: *A gran historia de Galicia. Historia política da Galicia contemporánea*, Tomo XI – Vol. 3, La Voz de Galicia, A Coruña, 2007, p. 179.
- AA.VV.: *Fermín Bouza Brey. Xuíz e galeguista*, Deputación de Pontevedra – Galeguizar Galicia, Pontevedra, 2011.
- AA. V.V.: *Roberto González Pastoriza. Un xurista de lei*, Asociación de Funcionarios para a normalización lingüística, Vigo, 2013,
- ALLEGUE AGUETE, P.-RODRÍGUEZ ENNES, L.: “Reflexiones sobre algunas ideas punitivas del P. Sarmiento” en *Anuario de Derecho Penal y Ciencias Penales*, Tomo 45, Madrid, 1992, pp. 855-880.
- ALLEGUE AGUETE, P.: *A filosofía ilustrada de Fr. Martín Sarmiento*, Edicións Xerais, Vigo, 1993.
- ALONSO MONTERO, X.: “Tres cartas de Roberto González Pastoriza sobre o idioma galego, Castelao e García Lorca” en AA. V.V.: *Roberto González Pastoriza. Un xurista de lei*, Asociación de Funcionarios para a normalización lingüística, Vigo, 2013.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R.: “A idade contemporánea ate 1936” en AA. VV.: *Historia de Galicia*, ANPG, A Coruña, 1979.
- BERAMENDI, J.: “As Irmandades da Fala e o nacemento do Nacionalismo Galego” en *Murguía: Revista Galega de Historia*, Núm. 32, Instituto Galego de Historia, Santiago, 2015, pp. 51-64.
- BERAMENDI, J.: *A vida e a obra de Ramón Vilar Ponte*, Edicións do Castro, Sada, 1991.
- BERAMENDI, J.: “Política y nacionalismo en Lois Peña Novo” en BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomos I e II, Santiago, 1995.
- BERAMENDI, J. (ed.): *Losada Diéguez. Obra completa*, Edicións Xerais, Vigo, 1985,
- BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomos I e II, Santiago, 1995.
- BERAMENDI, J. – NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O nacionalismo galego*, Edicións A Nosa Terra, Vigo, 1995.
- BOBILLO, F.: *Nacionalismo gallego. La ideología de Vicente Risco*, Akal Universitaria, Madrid, 1991.
- BOUZA BREY, F.: “La prueba judicial del juramento sobre el sepulcro del apóstol” en *Compostellanum*, Vol. IV, núm. 2, Santiago, 1959.
- BOUZA BREY, F.: “A Insinanza do Dereito Román na Universidade de Sant-Yago, hastra o plan de estudos de 1772” en *Separata dos Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, A Coruña, 1928, Imprenta Lar.
- BOUZA BREY, F.: “O casairádego no dereito consuetudinario galego”, en *Scientia Iuridica*, T. VI, núm. 30/32, Braga, 1957.
- BOUZA BREY, F.: “Supervivencia do dereito consuetudinario xermánico no costumario Luso-Galaico”, en *Actas do Coloquio de Estudos Etnográficos Dr. José Leite de Vasconcelos*, Vol. III, Porto, 1960.

- BRISSET MARTÍN, X.: “Os solidarios ante o invicto marqués” en *Cátedra. Revista eumesa de estudos*.
- CALVO, T.: *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século*, Edicións do Castro, Sada, 1998.
- CARBALLA, X.: *Biografía de Valentín Paz Andrade*, Editorial Galaxia, Vigo, 2012.
- CARRO GARCÍA, J.: “Don Salvador Cabeza de León” en *Boletín da Academia Galega* núm. 253, A Coruña, 1934
- CORES TRASMONTE, B.: *Luís Porteiro Garea*, Editorial TresCtres, Santa Comba, 2005.
- CORES TRASMONTE, B.: *Sociología política de Galicia (1846-1936)*, Librigal, A Coruña, 1976.
- FERNÁNDEZ CAAMAÑO, J. M.: *La Coruña vista desde sus libros de actas*, Visiónnet, Madrid.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: *Pensamento galeguista do século XIX*, Editorial Galaxia – Biblioteca Básica da Cultura Galega, Vigo, 1983.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: *Pensamento galeguista do século XX*, Editorial Galaxia – Biblioteca Básica da Cultura Galega, Vigo, 1983.
- GARCÍA CENDÁN, Bernardo: “Lois Peña Novo: unha biografía” en BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomos I e II, Santiago, 1995.
- GARCÍA NEGRO, P.: “A resurreición da lingua nas Irmandades da Fala. O feito lingüístico galego” en *Murguía: Revista Galega de Historia*, Núm. 32, Instituto Galego de Historia, Santiago, 2015, pp. 41-49.
- GONZÁLEZ PÉREZ, C.: “Fermín Bouza Brey e Trillo: Xuíz e Maxistrado. Expediente 153/1951” en AA.VV.: *Fermín Bouza Brey. Xuíz e galeguista*, Deputación de Pontevedra – Galeguizar Galicia, Pontevedra, 2011.
- LOSADA ESPINOSA, L.: “As raíces, a terra; formación e aprendizaxe da vida” en BERAMENDI, J.(ed.): *Losada Diéguez. Obra completa*, Edicións Xerais, Vigo, 1985,
- MARTÍNEZ GONZÁLEZ, X.: “Roberto González Pastoriza. Un galeguista republicano con todo dereito” en AA.VV.: *Roberto González Pastoriza. Un xurista de lei*, MG, 23
- MARTÍNEZ LÓPEZ, A.: “Agricultura e agrarismo na Galicia do primeiro tercio do século XX: actitudes e opinións de Lois Peña Novo” en BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomos I e II, Santiago, 1995.
- MARTÍNEZ RISCO, S.: *Manuel Banet Fontenla, Boletín de la Real Academia Gallega*, núm. 352, A Coruña, 1970.
- NOGUEROL BUJÁN, A.: “El boycott”, en *La Centuria*, núm. 1, Ourense, 1917.
- NOGUEROL BUJÁN, A.: “El delito y la pena en las poesías de Curros Enríquez” en *La Centuria. Revista Neosófica*, Sotelo Blanco, Edición Facsímil, Barcelona, 1981, p. 7-11.
- NOGUEROL BUJÁN, A.: “La reducción de jornada”, en *La Centuria*, núm. 6, Ourense, 1917.
- NOGUEROL BUJÁN, A.: *Parolas sobre a propiedade*, La Región, Ourense, 1918.

- NOVO AZÓN, X. L.: *Lois Peña Novo*, Ir Indo, Santiago, 1995.
- OSSORIO Y GALLARDO, A.: *El alma de la toga*, Imprenta de Juan Pueyo, Madrid, 1920.
- OTERO PEDRAYO, R.: *O libro dos amigos*, Editorial Galaxia, Vigo, 2012.
- PALMOU LORENZO, X.: “Fermín Bouza Brey. O xuíz da Estrada”, en AA.VV.: *Fermín Bouza Brey. Xuíz e galeguista*, Deputación de Pontevedra – Galeguizar Galicia, Pontevedra, 2011.
- PAZ ANDRADE, V.: *La anunciación de Valle-Inclán*, Akal Editor Arealonga, Madrid, 1981.
- PAZOS, A.M.: *Xuntos por Galicia. A assemblea de Concellos de 1932 e o Estatuto de Autonomía de Galicia*, CSIC, Cuadernos de Estudios Gallegos núm. 9, Santiago de Compostela, 2009.
- PEÑA NOVO, L.: *La mancomunidad gallega*, M. Roel, Vigo, 1921.
- PEREIRA, D.: “O movemento operario galego no tempo das Irmandades da Fala” en *Murguía: Revista Galega de Historia*, Núm. 32, Instituto Galego de Historia, Santiago, 2015, pp. 35-40.
- PLATAS TASENDE, A.: “Fermín Bouza Brey. Xuíz, avogado, poeta, erudito...” en AA.VV.: *Fermín Bouza Brey. Xuíz e galeguista*, Deputación de Pontevedra – Galeguizar Galicia, Pontevedra, 2011.
- PORTELA YAÑEZ, C.: *Valentín Paz Andrade*, Editorial Ir Indo, Vigo, 1998.
- RISCO, V.: *El problema político de Galicia*, Biblioteca de Estudios Gallegos, Madrid, 1930.
- RISCO, V.: *Teoría do nacionalismo galego*, Editorial Sotelo Blanco – Fundación Vicente Risco, Santiago, 2000.
- ROCA CENDÁN, M.: *Lois Peña Novo. Vida e pensamento político e económico*, Ediciós do Castro, Sada, 1982.
- ROMÁN ALONSO, F.: *Arturo Noguerol. Xornalista, arbitrista e financeiro do galeguismo*, Editorial Ir Indo, Vigo, 2003.
- ROMÁN ALONSO, F.: “Roberto González Pastoriza lembrado por Arsenio Paz Carballo” en AA.VV.: *Roberto González Pastoriza. Un xurista de lei*, p. 71.
- TORRES REGUEIRO, X.: “A Irmandade da Fala de Betanzos” en *Murguía: Revista Galega de Historia*, Núm. 32, Instituto Galego de Historia, Santiago, 2015, pp. 65-82.
- VIDAL FRAILE, M.: *As pegadas xurídicas de Fermín Bouza Brey*, Xunta de Galicia e Asociación de funcionarios para a Normalización Lingüística.
- VILLAR PONTE, A.: *Nacionalismo gallego, nuestra afirmación*, La Voz de Galicia, A Coruña, 1916.
- VILLAR PONTE, A.: *100 artigos*, La Voz de Galicia, A Coruña, 2003.
- VILLARES, R.: “Lois Peña Novo, analista da política internacional de entreguerras” en BERAMENDI, J. – ROCA CENDÁN, M. (eds.): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Servicio de Publicacións Universidade de Santiago, Tomos I e II, Santiago, 1995.

A Autonomía Galega (1846-1981), Xunta de Galicia, Santiago, 1986.

Fermín Bouza Brey. Unha fotobiografía, Edicións Xerais de Galicia, Vigo,

“Lois Porteiro Garea”, en *Murguía: Revista Galega de Historia*, Núm. 32, Instituto Galego de Historia, Santiago, 2015, pp. 131-133.

La Centuria. Revista Neosófica, Sotelo Blanco, Edición Facsímil, Barcelona, 1981. Núm. 1, pp. 11-12, Núm. 2, pp. 9-14, Núm. 5, pp. 7-11, Núm. 6, pp.

Semanario A Nosa Terra, dende o 14 de novembro de 1916 a 17 de xullo de 1936, Edicións Facsímil, A Coruña, 1981, Tomos I-II.

Boletín de la Real Academia Gallega, núm. 309, A Coruña, 1956.